

**REGISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/12/2018 12:58:22

**SAIDA 16575/18**

Sr. alcalde-presidente do Concello de Sanxenxo

Consistorio, 4-6.


36960 - Sanxenxo (Pontevedra)

Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 133/2018**.

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia nas reclamacións presentadas ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 13 de novembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

**ANTECEDENTES**

**Único.**  presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 13 de novembro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio administrativo, un escrito presentado ante o Concello de Sanxenxo no que solicita que se emita un informa xurídico que garanta que o incumprimento do disposto na Sentenza nº92/2012, do 12 de abril, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº3 de Pontevedra non dará lugar a futuros requirimentos xudiciais en detrimento do erario público, e a asunción de responsabilidade subsidiaria co seu propio patrimonio, do Sr. Alcalde e o Sr. Concelleiro de Urbanismo, de todos os gastos e repercusións económicas que puideran derivarse do incumprimento legal ao recepcionarse un parque empresarial nas actuais condicións.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro. Competencia e normativa**

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra

toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Análise do expediente**

Como se di no fundamento de dereito terceiro desta resolución, por información pública en materia de transparencia, de acordo co disposto no artigo 24 da lei 1/2016, debe entenderse os contidos ou documentos que consten en poder dun suxeito incluído dentro do ámbito subxectivo da Lei, no presente caso o Concello de Sanxenxo, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións; do mesmo xeito se define o concepto de información pública no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

A reclamante solicitou do Concello a emisión dun informe xurídico concreto e a asunción de responsabilidade subsidiaria de determinados cargos municipais dos gastos e repercusións económicas que puideran derivarse da recepción dun parque empresarial. Non existe por tanto, unha solicitude de acceso á información pública por parte da reclamante que non fose atendida polo Concello, senón unha solicitude de que unha Administración realice unha actuación concreta, cal é a emisión dun informe xurídico e un compromiso de asunción por escrito de responsabilidades de determinados cargos municipais. Por tanto, ao non ter a súa reclamación como obxecto, impugnar unha resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información como establece o artigo 28 da Lei 1/2016, procede a inadmisión da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


## ACORDA

**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] contra a falta de resolución da súa solicitude ao Concello de Sanxenxo, da súa solicitude de emisión dun informe xurídico e asunción por escrito de responsabilidades de determinados cargos públicos do referido consello.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

  
\_\_\_\_\_  
Milagros Otero Parga